

xuño



I convenio colectivo

Nº 6 | Xuño de 2007 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



ceesg
colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

I CONVENIO COLECTIVO DE ACCIÓN E INTERVENCIÓN SOCIAL

O pasado 19 de xuño publicouse no Boletín Oficial do Estado o *I Convenio colectivo marco estatal de acción e intervención social*, que terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2007 ata o 31 de decembro de 2008 e aplicarase desde o 1 de xaneiro do presente ano, independentemente da data da súa publicación.

Este convenio colectivo, que foi subscrito pola Asociación de Empresas de Servizos de Atención á Persoa (AESAP) e polas organizacións sindicais FSP-UXT e FSAP-CC.OO, fixa como ámbito territorial o do estado español e como ámbito funcional o de todas as entidades e empresas que desenvolvan **accións e programas de acción e intervención social** en España, entendéndose por acción e intervención social as *“actividades ou accións que se realizan de xeito formal ou organizado, que responden a necesidades sociais, que o seu propósito pode ser tanto previr, paliar ou corrixir procesos de exclusión social, como promover procesos de inclusión ou participación social”* e afecta a todos os ámbitos da acción social, sociolaboral, sociosanitario, sociocultural, socioeducativo, psicosocial, asistencial, intervención sociocomunitaria e sociocultural e ás áreas de deseño e avaliación de programas sociais.

No convenio defínense os centros, servizos, programas e equipos que se ven afectados polo mesmo, establecendo ademais un extenso catálogo de actividades, organizado nas seguintes áreas: intervención social e psicoeducativa, intervención sociolaboral, intervención sociosanitaria e asistencial, intervención sociocomunitaria e sociocultural, e xestión, deseño e avaliación de programas sociais. Polo tanto, este convenio aplícase a un sector moi amplo e afectará a moitos traballadores vinculados á Educación Social.

As condicións de traballo régulanse de xeito exhaustivo, pero cabe destacar que o convenio *“compensa e absorbe calquera mellora da que viñesen gozando os traballadores ben a través doutros Convenios ou normas de obrigado cumprimento, ben por decisións unilaterais das empresas. Se as condicións económicas ou, de calquera outra índole, das que viñesen gozando os traballadores no momento da entrada en vigor do presente Convenio Colectivo fosen superiores, en cómputo anual ás establecidas no mesmo, continuaranse aplicando e respectando as citadas condicións máis favorables no que exceda ás convencionais”*. É dicir, que se as condicións de traballo actuais son mellores ou máis favorables para o traballador que as citadas neste convenio, seguiranse aplicando as anteriores sen cambios.

A nosa categoría laboral como Educadoras/es Sociais encóntrase enmarcada no grupo III, Persoal altamente especializado, onde inclúen Diplomaturas (Educadoras/es Sociais, Traballadoras/es Sociais, Técnicos de Administración e Xestión, etc.) e outras licenciaturas (Psicólogo, Pedagogo...) Ademais, aquelas/es Educadoras/es Sociais que estean desempeñando funcións de responsable ou coordinador de proxecto encádranse no grupo II.

Por outra banda, cabe destacar no capítulo XIV, sobre Melloras Sociais, a obrigatoriedade de que as empresas contraten un **seguro de responsabilidade civil** para as/os súas/seus traballadoras/es: *“Todas as entidades afectadas por este Convenio deberán contar cunha póliza de seguros que garantan a cobertura de responsabilidade civil de persoal regulado por este Convenio Colectivo”*. Todo un logro social para as/os profesionais que traballamos no sector, permitíndonos desempeñar as nosas funcións dun xeito máis seguro e respaldado.

Tamén veñen descritos os procedementos de contratación, promoción de vacantes, promoción, modalidades de contratación, grupos profesionais, categorías laborais e funcionais, vacacións e permisos, xornada laboral, así como as retribucións.

A sinatura deste convenio supón un avance importante na intervención social e educativa, xa que as condicións laborais dos traballadores deste sector nunca estiveron regulados tan especificamente. Esperamos que o comezo da aplicación deste convenio colectivo supoña unha mellora nas condicións laborais de moitas educadoras e educadores sociais, así como doutros profesionais, que en ocasións teñen que desenvolver o seu labor baixo unhas circunstancias laborais precarias.

Ata este momento, o sector da Intervención Social, a pesar de ter unha identidade propia e definida, non estaba recollido en ningún convenio laboral, dándose así a existencia dunha diversidade de convenios colectivos aplicables que non reflectían realmente o traballo neste ámbito e non se axustaban polo tanto ás condicións e realidade do mesmo. Así, esperamos que este convenio colectivo contribúa a dignificar o noso traballo e todo o sector.

Para todas/os as/os que desexedes consultar este convenio, ademais do BOE correspondente, poderedes atopalo na nosa web na sección “Avisos”.

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Solicitude de audiencia coa Conselleira de Sanidade, Dona M^a José Rubio Vidal, para analizar as aportacións feitas polo CEESG aos diferentes plans e normativas que están desenvolvendo dende seu departamento. A cita foi delegada no Subdirector Xeral de Saúde Mental e Drogodependencia, D. Víctor Pedreira Crespo, e está prevista para o día 2 de xullo.
- ✓ Asistencia á presentación da web www.igualdadegaliza.org, organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade e que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 20 de xuño. Asistiu Laura Cruz López, Secretaria do CEESG. Está previsto que este portal web sexa a ferramenta fundamental de apoio ao proceso participativo para facer as aportacións ao IV Plan de Apoio ás Familias.
- ✓ Asistencia á sesión extraordinaria do Pleno do Consello Galego de Servizos Sociais que tivo lugar o día 22 de xuño en Santiago de Compostela. Asistiu M^a José Fernández Barreiro, Presidenta do CEESG. Aínda que o noso colexio non forma parte deste Consello, fomos convocados sen voz e sen voto. Está previsto que o CEESG forme parte deste órgano (ou do que o substitúa) unha vez estea aprobada a nova Lei de Servizos Sociais de Galicia. Na reunión tratáronse senllos borradores de decretos para o desenvolvemento da lei de dependencia en Galicia e da Lei de Servizos Sociais. O CEESG adquiriu o compromiso de facer achegas a estes documentos.
- ✓ Solicitude de audiencia coa Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Dona Laura Sánchez Piñón, para expor de novo a posibilidade de incorporación de educadoras/es sociais no sistema educativo.
- ✓ Envío de escrito á Secretaria Xeral de Benestar, Dona M^a Jesús Lago Vilaboa, transmitíndolle a preocupación das/dos colexiadas/os vinculadas/os ó ámbito de infancia e adolescencia debido ao posible peche de centros de protección de menores e á situación de inseguridade que se vive no sector.
- ✓ Asistencia á Xornada “Infancia e adolescencia: novas liñas de intervención”, que tivo lugar o 27 de xuño en Santiago de Compostela, organizada pola Secretaría Xeral de Benestar. Asistiu Laura Cruz López, Secretaria do CEESG. Nesta xornada presentouse o *Plan Estratégico Galego da Infancia e a Adolescencia 2007-2013*, que aínda está sendo elaborado.
- ✓ Asistencia e participación na reunión para a formación da *Mesa Galega para a Protección da Infancia*, que tivo lugar o día 28 de xuño. Asistiron Laura Cruz López e Alberto Fernández de Sanmamed, Secretaria e Vogal do CEESG. Esta Mesa constitúese como unha das medidas do *Plan Estratégico Galego de Infancia e Adolescencia 2007-2013* como órgano regulado de carácter consultivo que exercerá funcións de estudo, supervisión, análise, e propostas respecto de todas as actuacións políticas e técnicas nesta materia.
- ✓ Designación, como experta, de D^a Isabel Cortada Marín, para asistir en representación do Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales (CGCEESG) ao “*Seminario de Expertos en Avaliación dos Servizos Sociais de Atención Primaria*” (SSAP), dirixido por D. Francisco Albiña Martín, Director do Departamento de Ciencias Políticas e Socioloxía da Universidade Complutense de Madrid. Celebrado o 27 de xuño de 2007 na sede da Dirección Xeral de Inclusión Social.

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- Revista “Perfiles. Revista general de política social” N^o 232. junio-agosto 2007. ONCE.
- Boletín “Noticias SOCYSER”. N^o 2 junio 2007. Socyser.
- AA.VV. (2007): *Xoga en galego*. Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia.
- Boletín “Aldizkaria” N^o 141 junio 2007. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- Xornal “Infoxove”. N^o 14. Junio 2007. Xunta de Galicia
- CONIL SANCHO, J. (coord.) (2002): *Glosario para una sociedad intercultural*. Bancaja.

ARTIGO DE INTERESE: GUÍA ÉTICA DA AIEJI PARA AS/OS EDUCADORAS/ES SOCIAIS

As Educadoras e Educadores sociais membros individuais da AIEJI ou de Asociacións membros da AIEJI (Asociación Internacional de Educadores Sociais) comprométese a:

1. Exercer a súa profesión de acordo coa declaración universal dos dereitos humanos e a declaración da ONU sobre os dereitos da infancia.
2. Utilizar o seu saber profesional para asegurar ás/aos usuarias/os o mellor servizo respectando a súa persoa.
3. Ter en conta e respectar a singularidade de cada usuaria/o, sexa cal fora súa pertenza cultural e as súas crenzas.
4. Traballar para o desenvolvemento e a valorización da imaxe do usuaria/o, así como para a súa autonomía e implicación como cidadá/án responsable.
5. Utilizar as súas competencias e influencia como cidadás/áns e axentes sociais para que os servizos ofrecidos polas institucións sexan factores de mellora individual e social das poboacións ás que van dirixidos.
6. Avaliar constantemente os seus servizos para adaptalos e facelos máis eficaces.
7. Traballar para que as prácticas de educación social sexan obxecto de formacións adecuadas e específicas en todos os países e traballar para o desenvolvemento da formación continua dos axentes sociais a todos os niveis.
8. Contribuír activamente ao desenvolvemento da profesión no propio país e en todo o mundo.
9. Comprometerse a promover o traballo en rede entre os membros da AIEJI e aumentar a cooperación internacional en materia de educación social.
10. Definir as “boas prácticas profesionais” como un saber que existe unha formación continua na que os métodos e técnicas baséanse nos principios éticos aquí enunciados.

A AIEJI tamén propón a aplicación destes principios éticos a todas/os as/os educadoras e educadores sociais que desexen adherirse.

FORMACIÓN CONTINUA

VII ESCOLA INTERNACIONAL DE XERONTOLOXÍA

Organiza: Obra Social Caixa Galicia.

Lugar: A Coruña

Datas: do 9 ao 13 de xullo.

Cursos ofertados:

- ✓ Taller "Prevención das demencias: Ximnasia da memoria" (2 días).
- ✓ Curso "Organización e xestión de horarios nunha residencia" (2 días).
- ✓ Curso "Empowerment e envellecemento activo. Pensar e actuar máis dende os dereitos que dende as necesidades" (2 días).
- ✓ Curso "Comercialización de servizos no novo horizonte da Lei de Dependencia" (2 días).
- ✓ Taller "Prevención da depresión" (2 días).
- ✓ Curso "¿Como crear e rentabilizar un centro xeroasistencial?" (2 días).
- ✓ Curso "Envellecer activamente: proxectos interxeracionais. Da programación á avaliación" (2 días).
- ✓ Curso "Inspección, acreditación de calidade. Novas perspectivas de funcionamento das residencias" (1 día).
- ✓ Seminario "Os profesionais no proceso de valoración da Dependencia".

Prezos: Cursos de 1 día: 50 € Cursos de 2 días: 90 € Seminario: 90 €

Máis información: Dirección e Secretaría da Escola Internacional de Xerontoloxía.

Tel: 981 188 095 / Fax: 981 990 752

jmhilario@caixagalicia.es / mepascual@caixagalicia.es

www.eidg.org

SEMINARIO: POLÍTICAS EDUCATIVAS E COMPROMISO SOCIAL / O PROGRESO DA CALIDADE E A EQUIDADE

Organiza: Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Lugar: Pontevedra.

Datas: do 17 ao 21 de setembro.

Máis información:

A CORUÑA:

Secretaría de Alumnos da U.I.M.P.

Fundación Luís Seoane, 2ª Planta

C/ San Francisco, s/n 15001 A Coruña

Tel.: 981 140790 / Fax: 981 140825

galicias@uimp.es

Horario: 9:00 a 13:00 h.

PONTEVEDRA:

Secretaría de Alumnos da U.I.M.P.

Centro Social Caixanova

C/ Augusto González Besada, 2

36001 Pontevedra

Tel.: 986874092 / Fax: 986873483

pontevedrasa@uimp.es

Horario: 10:00 a 13:00 h.

www.uimp.es/galicia

NOVAS FRONTEIRAS NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES: EDUCAR PARA CONVIVIR

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela (curso de verán)

Lugar: Lalín (Pontevedra)

Datas: do 10 ao 13 de xullo.

Información:

<http://www.lalin.org/igualdade>

ACTUALIZACIÓN EN XERONTOLOXÍA

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela (curso de verán)

Lugar: Caldas de Reis (Pontevedra)

Datas: do 16 ao 19 de xullo.

Información:

<http://www.usc.es/cultura>

<http://www.usc.es/cultura/cuv0726.htm>

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Santiago de Compostela (A Coruña): Aprobación da Oferta de Emprego público 2007. Unha praza de Educador/a Familiar (ingreso) e dúas prazas de Coordinador de Centros Socioculturais (promoción interna) (BOP de 27/06/07)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde do 7 de xuño de 2007 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a concesión de bolsas para formación de dinamizadoras e dinamizadores da Igualdade en Galicia (DOG de 28/06/07)

Concello de A Lama (Pontevedra): Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Técnico Local de Emprego (BOE de 29/06/07)

OUTROS

Consellería de Sanidade: Orde pola que se regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas no Servizo Galego de Saúde (DOG de 28/03/07)

Consellería de Sanidade: Orde pola que se establecen as bases e se convocan subvencións a proxectos de acción de investigación-acción que teñan relación co esforzo global anti VIH-SIDA (DOG de 04/06/07)

Consellería de Traballo: Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria (DOG de 06/06/07)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se convocan axudas económicas destinadas a subvencionar gastos de mantemento e funcionamento das asociacións e federacións de mulleres de Galicia (DOG de 05/06/07)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se establecen as bases e se rexen as axudas para a realización de programas de apoio a familias monoparentais, e se procede á súa convocatoria. (DOG de 06/06/07)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde do 7 de xuño de 2007 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de axudas e subvencións dirixidas a fomentar en Galicia a realización e difusión de estudos e investigacións relacionados coas mulleres (DOG de 29/06/07)

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Coa colaboración de:

